



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Jesús Alfaya Fernández  
 D. Miguel Alfonso Pallarés  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Alonso Escontrela  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Alonso García  
 D. Miguel Angel Alvarez Campos  
 D. Heliodoro Alvarez Conde  
 D. J. Angel Álvarez Moreira  
 D<sup>a</sup> Patricia Álvarez Vázquez  
 D. Xosé Carlos Álvarez Villamarín  
 D. Ramón Araujo Casado  
 D. Pedro A. Araujo Nespereira  
 D. Raúl Araya Tauler  
 D. Xosé Carlos Arias Moreira  
 D<sup>a</sup> Begoña Arnedo Montenegro  
 D. Enrique Barreiro Alonso  
 D. Ramón Barreiro García  
 D. José Luis Barros Díaz  
 D. Gustavo Bergantiño Cid  
 D<sup>a</sup> Marina Blanco Feijóo  
 D. Fco. Ramón Botana Ferreiro  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Bouza Álvarez  
 D. Camilo Brandín Feijóo  
 D. Jorge Bravo Bernárdez  
 D<sup>a</sup> Soleda Bugallo Petit  
 D<sup>a</sup> M. Alicia Cachafeiro López  
 D. Xulio Calviño Rodríguez  
 D. Manuel Angel Candelas Colodrón  
 D. Víctor Cardador González  
 D. Alfonso Caride Losada  
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez  
 D. Pablo Javier Cebral Loureda  
 D<sup>a</sup> Mercedes Cendón Falque  
 D. José Chavete Rodríguez  
 D. Marcos Cid Cid  
 D. Xosé Manuel Cid Fernández  
 D. José Cidrás Pidre  
 D. Angel Cifuentes García  
 D<sup>a</sup> Eva Conde Rivera  
 D. Eusebio Corbacho Rosas  
 D<sup>a</sup> Patricia Corbacho Suso  
 D. José M<sup>a</sup> Correa Otero  
 D. Xosé Henrique Costas González  
 D. Tony Crespo Franco  
 D. Pedro Cuesta Morales  
 D. José M<sup>a</sup> Da Rocha Álvarez  
 D. Jesús De Andrés Iglesias  
 D. Guillermo De Oca Cancela  
 D. Javier De Vicente Remesal  
 D<sup>a</sup> Encarnación De Miguel Villegas  
 D. Manuel Deaño Deaño  
 D<sup>a</sup> Coral Del Río Otero  
 D. Jaime Díaz de Bustamante  
 D<sup>a</sup> Natividad Díaz Magadán  
 D<sup>a</sup> María Diéguez Gómez  
 D. Domingo Docampo Amoedo  
 D. José Durany Castrillo  
 D. Luis Espada Recarey  
 D. Miguel A. Esparza Torres  
 D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo  
 D. Antón Fernández Álvarez  
 D. Manuel Fernández Areal  
 D<sup>a</sup> Paula M<sup>a</sup> Fernández Carpintero  
 D. Manuel Fernández Cruz  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Fernández Ferro  
 D<sup>a</sup> Esperanza Fernández Gómez  
 D. Manuel J. Fernández Iglesias

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, que terá lugar o día seis de novembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 6 de novembro de 1998**, ás 10.00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de trata-los seguintes puntos da Orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (17.03.97, 15.04.98, 25/27.05.98 e 10.07.98)
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, da reforma técnica do Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios.
- 4º.- Creación, se procede, de Comisións estables do Claustro: "Comisión Académica" e "Comisión de Planificación".
- 5º.- Proposta de "apoio á equiparación do complemento específico dos profesores titulares de Escola Universitaria e de recoñecemento de sexenios docentes non universitarios".
- 6º.- Aprobación, se procede, de proxecto de presuposto de 1998.
- 7º.- Renovación, mediante nova elección, das seguintes Comisións: "Centros Adscritos", "Avaliación Docente e Investigadora" e "Estudiantado"\*.
- 8º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D<sup>a</sup> Margarita Estévez Toranzo.

Antes do comezo da sesión faise o sorteo para a orde de intervencións e sae a "j".

No **punto 1**, apróbanse as actas das sesións do 17.03.97, 15.04.98, 25/27.05.98 e 10.07.98, coas modificacións que xa van recollidas na redacción definitiva.

No **punto 2**, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, informa sobre:

\*as novas titulacións en Ourense e Pontevedra:

\*\*no Campus de Ourense, implantaranse os segundos ciclos en "Empresariais" e en "Informática"; na vindeira Xunta de Goberno (16-11-98) farase a proposta de transformación dos actuais Centros,

Dª Generosa Fernández Manín  
 D. Celso Fernández Silva  
 Dª María Fernández Silva  
 Dª Mª Begoña Fernández Silvano  
 D. Ramón Angel Fernández Sobrino  
 D. Emilio M. Fernández Suárez  
 D. Fco. Javier Fraile Peláez  
 D. José Antonio Fraiz Brea  
 D. Rubén Frieiro Barros  
 Dª Ana Gago Martínez  
 D. Pedro Pablo Gallego Veigas  
 D. Juan Fco. Gálvez Gálvez  
 Dª Secundina García Conde  
 D. Antón García Fernández  
 D. Guillermo García Lomba  
 Dª Aida García Molaes  
 D. Manuel García Sánchez  
 D. José Carlos García Valladares  
 D. José Manuel García Vázquez  
 D. Carlos Garrido Suárez  
 Dª Teresa Geadá Geadá  
 D. José Mª Gil Villanueva  
 D. Eduardo Godoy Malvar  
 D. J. Santiago Gómez Fraiz  
 D. Ramiro Gómez Lourido  
 Dª Tegra A. Gómez Pino  
 Dª Alma Mª Gómez Rodríguez  
 D. Alejandro V. Gómez Soler  
 D. José Luis González Cespón  
 Dª Elena González Lago  
 D. Daniel González Laguna  
 D. Manuel González Lorenzo  
 D. Pablo González Martínez  
 Dª Laura González Novoa  
 D. José Luis Guntín Galego  
 D. Manuel Gutiérrez Nieto  
 D. José Antonio Hernández Hermida  
 D. Iván Iglesias Santiago  
 D. Juan Janeiro Vilaboa  
 Dª Sonia Justo Justo  
 D. Alfonso Lago Ferreiro  
 D. Rodolfo Lago Méndez  
 D. José Luis Legido Soto  
 D. Xoán Leiceaga Baltar  
 D. José Lillo Beviá  
 D. Martín Llamas Nistal  
 D. Juan Loeck Hernández  
 D. Abel López Conde  
 D. Alfonso L. López Otero  
 D. Luis López Pérez  
 Dª Mª del Pilar López Vidal  
 D. David Lubián Espinosa  
 D. Federico Mallo Ferrer  
 Dª Romina Maneiro Cid  
 D. Víctor Manuel Martínez Cacharrón  
 D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
 D. Salustiano Mato de la Iglesia  
 D. Andrés Mazaira Castro  
 D. Pedro Membiela Iglesia  
 Dª Ana Belén Méndez Fernández  
 D. Pedro Merino Gómez  
 D. Carlos Mollinedo Lois  
 Dª Ascensión Muñóz del Barrio  
 D. Santiago Murillo Zapatero  
 D. Miguel Ángel Nombela Castaño  
 D. Luis Ortiz Torres  
 Dª Mª Amparo Otero Pérez  
 D. Juan M. Outes Álvarez  
 D. Cándido Pérez Betanzos  
 D. Manuel Pérez Donsión  
 D. Juan Pérez de Obanos Herrero  
 D. Javier Pérez Guerra  
 Dª Nikole Pérez Mato  
 Dª Mª Flor Pérez Paz  
 Dª Irene Pisón Fernández  
 Dª Mª Teresa Pombo Fernández

(Escola Universitaria de Empresariais e Escola Universitaria de Informática de Xestión).; esta proposta será sometida á consideración do Claustro do día 18 de decembro; de seguido adscribiranse as novas titulacións a cada un deses Centros e iniciárase a elaboración dos planos de estudos e demais trámites para que comecen a funcionar no curso 1999-2000.

**\*\*No Campus de Pontevedra, implantarase a Diplomatura en "Xestión e Administración Pública" e ademais hai que optar por "Ciencias da Actividade Física e do Deporte" ou por "Conservación e Restauración de Bens Culturais". A Diplomatura en "Xestión e Administración Pública" adscribirase á Facultade de Ciencias Sociais. Ademais, tendo en conta que a titulación en "Conservación e Restauración de Bens Culturais" parece ser que vai pasar a ser só de 2º ciclo, a elección de Pontevedra sería de forma natural á de "Ciencias da Actividade Física e do Deporte.**

**\*a visita do Conselleiro de Obras Pública e Ordenación do Territorio ó Campus de Vigo, indicando que a Cotop asumiu obras (viales, aparcamento, axardinamento) a executar antes do ano 2000; anuncia que o Conselleiro visitará proximamente outros Campus.**

**\*a intención de dinamiza-lo Claustro coa posta en marcha das Comisións estables, "Académica" e "Planificación".**

**\*a elección dos Consellos de Campus antes do fin do trimestre.**

**\*os acordos coa Xunta de Galicia sobre a informatización da Biblioteca Central e sobre a organización de actos culturais e congresos relacionados co Xacobeo-99.**

**\*a presentación dos presupostos do ano 1999 na sesión do Claustro do día 18 de decembro.**

**\*as baixas e altas no Claustro.**

Ademais, da lectura a un escrito asinado por un grupo de claustrais no que se solicita que as axudas de custa e locomoción deste Claustro sexan destinadas á axuda dos damnificados polo furacán Mitch.

No **punto 3**, presentase o texto proposto (anexo I) e indicase que hai un escrito asinado polos Profesores Tojo Suárez e outros (anexo II), no que se precisa que na redacción proposta non se especifica quen nomea ós membros da Comisión e ademais observase que cando se di "Vicerrector competente" non queda claro de cal dos posibles Vicerrectores se trata.

D. José Pose Blanco  
 D. Albino Prada Blanco  
 D. José Carlos Prado Prado  
 D<sup>a</sup> Asunción Ramos Stolle  
 D. Manuel J. Reigosa Roger  
 D<sup>a</sup> Teresa Rey Barreiro  
 D. Manuel Angel Rey Fraile  
 D. Anxo Riádigos Saavedra  
 D. Xosé Ríos Cidrás  
 D. Filemón Rivas Conde  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Rivero Fernández  
 D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
 D. Luis Rodríguez Ennes  
 D. Gustavo Rodríguez Fuentes  
 D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez Holguín  
 D. Luis Alfonso Rodríguez López  
 D<sup>a</sup> Antía Rodríguez Nieves  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Rodríguez Seoane  
 D. Carlos Román Lago  
 D. José Ramón Rúa Rodríguez  
 D. José Óscar Rubiños López  
 D<sup>a</sup> Veljka Ruzicka Kenfel  
 D. José Luis Sáez Oejo  
 D<sup>a</sup> Elena Sánchez Trigo  
 D. Rafael Sanz Domínguez  
 D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro  
 D<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos  
 D<sup>a</sup> Piedade Suárez Rosende  
 D. Juan Carlos Surís Regueiro  
 D. José Tojo Suárez  
 D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Tojo Suárez  
 D. Carlos Trigo Meira  
 D<sup>a</sup> Dolores Troncoso Durán  
 D. Antonio Vaamonde Liste  
 D<sup>a</sup> Xema Zeltia Varela Rodríguez  
 D. José Angel Vázquez Barquero  
 D. Camilo Vázquez García  
 D. Fernando Antonio Vázquez Núñez  
 D. José Angel Veiro García  
 D. Manuel Velasco Graña  
 D<sup>a</sup> Raquel Vizcaya López

**DESCULPA ASISTENCIA**

D<sup>a</sup> Ana Belén Martín Lucas  
 D. Alberto Ruíz de Samaniego García

O Sr. Rector, D. Docampo Amoedo reconece que hai un erro e que, efectivamente, ten que dicir que a Comisión de Cursos de Especialización e Convenios será nomeada pola Xunta de Goberno. En canto á posible indeterminación, propón deixa-lo texto tal como aparece na nova redacción pero comprometéndose a precisar na seguinte Xunta de Goberno cal vai se-lo Vicerrector "competente" durante ese mandato, tanto no que se refire o artigo 14 a) como o artigo 15 g) e disposición final primeira.

Acéptase por asentimento a proposta (anexo III).

No **punto 4**, creación de Comisións estables do Claustro, "Académica" e "Planificación, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, presenta o texto proposto (anexo IV) e informa dun escrito asinado polo Profesor Cidrás Pidre (anexo V) que propón redaccións alternativas para os puntos 1, 3 e 4. Opina que esta redacción proposta mellora o espírito do texto proposto e que debe der aceptada.

Interveñen varios membros do Claustro:

\*O profesor Tojo Suárez entende que, aínda que se mellora o texto, non quedan claras as competencias e poderían entrar en conflito coas competencias das comisións delegadas de Xunta de Goberno.

\*O profesor Corbacho Rosas opina que estas comisións encargáranse das liñas xerais e apoia a proposta.

\*O profesor Rodríguez Berrocal di que debería tratarse no Claustro que comisións teríanse que crear e anuncia a súa abstención. O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo contesta que o equipo ten a obriga de facer propostas.

\*O profesor Mallo Ferrer opina que os temas de investigación non deberían estar na Comisión Académica.

\*O profesor Rodríguez Berrocal pide que se retire a proposta e o Sr. Rector indica que non se vai facer.

Prodúcese a votación co seguinte resultado:

-a favor: 113 votos  
 -en contra: 0  
 -abstencións: 23

Apróbase a proposta coas modificacións suxeridas polo profesor Cidrás Pidre:

Creación das Comisións estables do Claustro: "Comisión Académica" e "Comisión de Planificación":

1) De acordo co artigo 4 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, créanse no Claustro a "Comisión Académica" e a "Comisión de Planificación".

2) Terán a consideración de Comisións estables e segundo o establecido no artigo 3 e) do Regulamento de Réxime Interno do Claustro, formularán propostas e recomendacións xerais e servirán de viero de expresión da Comunidade universitaria.

3) A Comisión Académica estudiará, asesorará e fará propostas sobre as liñas xerais da política académica e científica, de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro universitario da Universidade de Vigo.

4) A Comisión de Planificación estudiará, asesorará e fará propostas sobre as liñas xerais de Ordenación Territorial e Programación Plurianual de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario da Universidade de Vigo.

5) As dúas comisións estarán compostas polo Rector ou persoa na que delegue, quen a presidirá, e por 12 profesores/as, 6 estudantes e 2 membros do PAS. Elixirán de entre os seus membros, un secretario/a.

6) Estas comisións terán que constituírse nun prazo de 1 mes dende a súa elección e elaborarán o seu regulamento de funcionamento nun prazo de 1 mes dende a súa constitución. Deberán reunirse, polo menos, dúas veces ó ano.

No **punto 5**, ademais da proposta que figura na documentación asinada polo profesor Membiela Iglesia (anexo VI), presentase no Claustro outra asinada polo profesor Vázquez Barquero e outros (anexo VII).

En primeiro lugar interveñen os profesores Membiela Iglesia e Vázquez Barquero.

De seguido, ábrese unha rolda de palabras.

\*O profesor Vázquez García di que hai comunidades autónomas como a catalana que asumiron o custo da equiparación.

\*O profesor Barreiro Alonso opina que ante esta situación inxusta, a Universidade ten que resolver independentemente do Ministerio e que por "órganos competentes" tamén debe entenderse o Consello Social.

\*O profesor Díaz de Bustamante di que as dúas posturas non deben enfrontarse.

\*O profesor Vázquez García propón que se solicite deste equipo de goberno que a nova Xunta de Persoal trate co equipo un calendario de negociacións.

\*O profesor Corbacho Rosas pregunta se no presuposto do ano 99 podería entrar unha partida que contemple este gasto. O Rector responde que non.

O Sr. Rector di que aínda que entende que a proposta do profesor Vázquez Barquero é xusta, non pode este Claustro asumila neses termos; asume o seu compromiso electoral aceptando o que se recolle na proposta asinada polo profesor Membiela Iglesia.

O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo fai a seguinte proposta:

"Apoiar a reivindicación de "equiparación do complemento específico dos profesores titulares de Escola Universitaria e de recoñecemento de sexenios docentes non universitarios" e dar traslado da solicitude ó Consello Social, ás tres Universidades galegas, ó Conselleiro de Educación, ó Consello Universitario Galego e ós Claustros do resto das Universidades".

O profesor Vázquez Barquero retira a súa proposta para que sexa debatida no seguinte Claustro e o profesor Corbacho Rosas solicita que se achegue un estudio económico.

Apróbase por asentimento a proposta do Sr. Rector.

No **punto 6** o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo da conta dos atrasos que motivaron que o equipo non elaborara un presuposto novo para este ano. Pareceu oportuno facer un prorrogado, elevalo a presuposto de ano 1998 e centrarse na elaboración do presuposto do ano 1999.

Di que se mantivo a mesma estrutura presupostaria así como a contía global. Unicamente se axustan as necesidades nos gastos de persoal para atender á nova convocatoria de persoal docente e nos gastos protocolarios para cubri-las débedas existentes e mante-la xestión institucional ata fin de ano.

O profesor Tojo Suárez indica que debe revisarse o texto xa que nalgún punto figura ano 1997 en lugar de 1998.

Sometese a votación que ten o seguinte resultado:

-a favor...	91 votos
-en contra...	0
-abstencións...	39

Queda aprobado o presuposto do ano 1998 (anexo VIII).

No **punto 7**, elíxense distintas Comisións, segundo a disposición Décimo Sexta dos Estatutos.

No sector "Persoal de Administracións e Servicios (PAS)" preséntanse tantos candidatos como postos a cubrir non sendo necesaria a votacións.

No sector "Persoal Docente e Investigador (PDI)" preséntanse os seguintes candidatos:

Comisión de "**Centros Adscritos**":

D. Antón FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	- - -
D. Carlos GARRIDO SUÁREZ	- - -
D. Alfonso LAGO FERREIRO	RENOVACIÓN UNIVERSITARIA
D. Federico MALLO FERRER	AFC
D. Luis Alfonso RODRÍGUEZ LÓPEZ	- - -

Comisión de "**Avaliación Docente e Investigadora**":

D. Miguel Ángel ESPARZA TORRES	- - -
D. Eduardo GODOY MALVAR	- - -
D. Carlos MARTÍNEZ-PEÑALVER FREIRE	RENOVACIÓN UNIVERSITARIA
D. Salustiano MATO DE LA IGLESIA	- - -
D. Manuel Ángel REY FRAILE	- - -
D <sup>a</sup> Mercedes SUÁREZ PAZOS	- - -

Comisión de "**Estudiantado**":

D. Julio CALVIÑO RODRÍGUEZ	- - -
D. Xosé M. CID FERNÁNDEZ	- - -
D. José M <sup>a</sup> CORREA OTERO	RENOVACIÓN UNIVERSITARIA
D. Pedro CUESTA MORALES	- - -
D. José Óscar RUBIÑOS LÓPEZ	- - -
D. Camilo VÁZQUEZ GARCÍA	- - -

No sector "Alumnos/as" preséntanse os seguintes candidatos:

Comisión de "**Centros Adscritos**":

D. Xosé RÍOS CIDRÁS	CAEF
Dª Raquel VIZCAYA LÓPEZ	CAEF

Comisión de "**Avaliación Docente e Investigadora**":

D. Jesús ALFAYA FERNÁNDEZ	CCC
Dª Patricia ÁLVAREZ VÁZQUEZ	CAEF
D. José Luís GUNTÍN GALEGO	CCC
D. Iván IGLESIAS SANTIAGO	CAEF
D. Juan JANEIRO VILABOA	---
D. Abel LÓPEZ CONDE	---

Comisión de "**Estudiantado**":

D. Jesús ALFAYA FERNÁNDEZ	CCC
D. Heliodoro ÁLVAREZ CONDE	CAEF
D. José Luís GUNTÍN GALEGO	CCC
Dª Sonia JUSTO JUSTO	---
D. Abel LÓPEZ CONDE	CCC
Dª Romina MANEIRO CID	---
D. Xosé RÍOS CIDRÁS	CAEF

O resultado da votación, levada a cabo como se especificou na convocatoria da sesión entre as 14 e as 14.30 horas, foi o seguinte:

Comisión Comisión de "**Centros Adscritos**"

Sector "Persoal Docente e Investigador (PDI)":

D. Antón FERNÁNDEZ ÁLVAREZ...	53 votos
D. Carlos GARRIDO SUÁREZ...	45 votos
D. Alfonso LAGO FERREIRO...	54 votos
D. Federico MALLO FERRER...	36 votos
D. Luis Alfonso RODRÍGUEZ LÓPEZ...	38 votos

Sector "Alumnos/as":

D. Xosé RÍOS CIDRÁS...	20 votos
Dª Raquel VIZCAYA LÓPEZ...	20 votos

Comisión de "**Avaliación Docente e Investigadora**":

Sector "Persoal Docente e Investigador (PDI)":

D. Miguel Ángel ESPARZA TORRES...	36 votos
D. Eduardo GODOY MALVAR...	53 votos
D. Carlos MARTÍNEZ-PEÑALVER FREIRE...	10 votos
D. Salustiano MATO DE LA IGLESIA...	52 votos
D. Manuel Ángel REY FRAILE...	35 votos
Dª Mercedes SUÁREZ PAZOS...	47 votos

Comisión de "**Avaliación Docente e Investigadora**" (cont.):

Sector "Alumnos/as":

D. Jesús ALFAYA FERNÁNDEZ...	0
Dª Patricia ÁLVAREZ VÁZQUEZ...	20 votos
D. José Luís GUNTÍN GALEGO...	25 votos
D. Iván IGLESIAS SANTIAGO...	20 votos
D. Juan JANEIRO VILABOA...	25 votos

D. Abel LÓPEZ CONDE...	25 votos
<b>Comisión de "Estudiantado":</b>	
Sector "Persoal Docente e Investigador (PDI)":	
D. Julio CALVIÑO RODRÍGUEZ...	36 votos
D. Xosé M. CID FERNÁNDEZ...	49 votos
D. José M <sup>a</sup> CORREA OTERO...	10 votos
D. Pedro CUESTA MORALES...	37 votos
D. José Óscar RUBIÑOS LÓPEZ...	45 votos
D. Camilo VÁZQUEZ GARCÍA...	47 votos
Sector "Alumnos/as":	
D. Jesús ALFAYA FERNÁNDEZ...	0
D. Heliodoro ÁLVAREZ CONDE...	21 votos
D. José Luís GUNTÍN GALEGO...	25 votos
D <sup>a</sup> Sonia JUSTO JUSTO...	24 votos
D. Abel LÓPEZ CONDE...	0
D <sup>a</sup> Romina MANEIRO CID...	25 votos
D. Xosé RÍOS CIDRÁS...	20 votos

Quedan constituídas as tres Comisións do seguinte xeito:

**Centros Adscritos:**

- PDI: D. Alfonso Lago Ferreiro, D. Antón Fernández Álvarez, D. Carlos Garrido Suárez e D. Luis Alfonso Rodríguez López;
- ALUMNOS/AS: D. Xosé Ríos Cidrás e D<sup>a</sup> Raquel Vizcaya López;
- PAS: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isabel Alonso García, D. Jesús Andrés Iglesias, D. Antón García Fernández e D<sup>a</sup> Laura González Novoa.

**Avaliación Docente e Investigadora:**

- PDI: D. Eduardo Godoy Malvar, D. Salustiano Mato de la Iglesia, D<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos e D. Miguel Ángel Esparza Torres;
- ALUMNOS/AS: D. José Luis Guntín Galego, D. Juan Janeiro Vilaboa, D. Abel López Conde, D. Iván Iglesias Santiago;
- PAS: D. Ramón Barreiro García, D. Guillermo De Oca Cancela, D. Manuel Fernández Cruz e D<sup>a</sup> Begoña Fernández Silvano.

**Estudiantado:**

- PDI: D. Xosé M. Cid Fernández, D. Camilo Vázquez García, D. José Óscar Rubiños López e D. Pedro Cuesta Morales;
- ALUMNOS/AS: D. José Luis Guntín Galego, D<sup>a</sup> Romina Maneiro Cid, D<sup>a</sup> Sonia Justo Justo e D. Heliodoro Álvarez Conde;
- PAS: D. Jesús Andrés Iglesias, D<sup>a</sup> Mercedes Cendón Falque, D. Carlos Mollinedo Lois e D. Filemón Rivas Conde.

No **punto 8**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

**-D. RODOLFO LAGO MÉNDEZ.-** Fai varios rogos:

- 1) Que o equipo rectoral pida ó Concello que poña no Campus todo tipo de contedores de reciclado.
- 2) En nome da Asociación Gabita, que o papel que se usa no Rectorado por unha cara se remita ás Delegacións de Alumnos para usalo para apuntamentos pola outra cara.

Pregunta:

- 1) Porqué a Facultade de Ciencias é o vertedoiro de entullos da Universidade.
- 2) Cal é o proxecto de axardinamento da Cotop para o Campus.

-D. **FEDERICO MALLO FERRER.**- Pregunta quen dirixe o CACTI (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo di que na próxima Xunta de Goberno presentárase o organigrama de adxuntos que colaborarán co equipo de goberno*).

-D. **VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ CACHARRÓN.**- Fai varias preguntas:

- 1) Se o Rector é consciente do atraso que se está a dar no proceso de matriculación e dos problemas en relación coas materias de libre elección; roga que os sobre de matrícula se entreguen antes.
- 2) Se se vai solicitar ó MEC persoal para axiliza-la tramitación das bolsas.
- 3) Sobre o seguro voluntario nos sobres de matrícula; se vai seguir.

Indica que a guía do estudante ten erros e non está actualizada.

Roga que se sube o billete de bus 10 ptas., se fagan os trámites diante do Concello para que non repercuta nos estudantes, mentres non cumpra as condicións establecidas.

-D<sup>a</sup> **MARÍA AMPARO OTERO PÉREZ.**- Fai varias preguntas:

- 1) Se estanse a facer negociacións para levar a Pontevedra a titulación de "Comunicación Audiovisuais.
- 2) Pola última planta do edificio de Ciencias Sociais.
- 3) Sobre as obras do edificio de Ciencias Sociais.

-D. **MANUEL PÉREZ DONSIÓN.**- Presenta un escrito:

*"Como antecedente ó seguinte rogo, informar a toda a comunidade universitaria dos actos de barbarie (vaciado de extintores, destrozo de retroproyector, papeleiras, secamans, etc), que protagonizaron na E.T.S. de Enxeñeiros Industriais e Minas ó longo do pasado mércores diferentes alumnos escudándose en que era a 'festa de San Teleco'.*

*Á parte dos destrozos que causaron na devandita Escola, provocaron situacións de tensión con diferentes profesores que dispensaban clases, interrompendo as mesmas e faltándolles totalmente ó respecto, tanto ós profesores como ós propios alumnos que asistían a elas.*

*Esta situación repítese aínda que quizais con non tanta virulencia, cada vez que se celebra a festa do patrón dalgún centro; por iso, como membro da comunidade universitaria e recollendo o malestar de diferentes profesores da E.T.S. e Enxeñeiros Industriais e Minas da que son o Director e tamén como tal.*

*Rogo que se estudie en profundidade e se trate no Claustro o tema para tentar atopar unha solución que evite a deplorable imaxe de deixamento que dá a Universidade nestes casos, así como os destrozos e as consecuencias imprevisibles, quizais máis graves, que puideran producirse. Considero que é importante fomentar os aspectos culturais e deportivos das festas dos patróns pero é preciso canalizar axeitadamente os aspectos lúdico-festivo-bárbaros as mesmas poñer tódolos medios posibles para, de forma xeral, evitar posibles consecuencias desafortunadas para todos ademais das que xa se produciron e producen".*

Roga que se vixíen as empresas constructoras que fan obras no Campus para evitar molestias.

-D. **MANUEL J. REIGOSA ROGER.**- Roga que en anos vindeiros se faga chegar ós Departamentos unha programación docente e que se sexa menos restrictivo coa concesión de profesores estables.

-D. **XOSÉ RÍOS CIDRÁS.**- Roga que se loite por un novo plano de financiamento.

-D. **JOSÉ TOJO SUÁREZ.**- Pregunta se está asinado o convenio que regule o transvase da xestión das bolsas dente a Xunta de Galicia ás Universidades e se son certos os datos sobre a concesión das mesmas.



-D. **JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA.**- Presenta por escrito (anexo IX) os seus rogos e preguntas.

-D. **RAÚL ARAYA TAULER.**- Pregunta se se está a levar a cabo unha análise das augas que se beben no Campus.

Roga que se utilice máis o galego.

-D. **MANUEL ÁNGEL CANDELAS COLODRÓN.**- Roga que se remitan ós Centros os PODs deste curso.

Suxire que a Comisión Académica deste Claustro trate monograficamente o tema das materias de libre elección.

-D<sup>a</sup> **PATRICIA CORBACHO SUSO.**- Fai varias preguntas sobre o edificio de Dereito económico:

- 1) Se é certo que comezan as obras en 2 semanas.
- 2) Se é certo que é un nexa da Facultade de Económicas.
- 3) Se é certo que non terá Biblioteca.

-D. **LUIS ESPADA RECAREY.**- Quéixase polos feitos acaecidos no San Teleco e roga que se faga o necesario para que non ocorra máis.

-D. **EMILIO MANUEL FERNÁNDEZ SUÁREZ.**- Pregunta sobre a nota de prensa relativa ó mal uso da partida de protocolo polo anterior equipo e se o Rector debe quedar calado.

-D. **ANTÓN GARCÍA FERNÁNDEZ.**- Recorda un acta dun Claustro do ano 94 sobre os bolseiros de apoio á docencia; naquel momento, persoas que hoxe están no equipo rectoral, opuxéronse á figura. Pregunta por que se volve a convoca-la figura.

-D<sup>a</sup> **TEGRA A. GÓMEZ PINO.**- Pregunta se nas conversas co Conselleiro Sr. Cuíña, se está a estudar en Pontevedra a reorganización do rúa Alexandre Bóveda.

Tamén pregunta polo transporte ó Campus de Pontevedra.

-D. **MANUEL GONZÁLEZ LORENZO.**- Roga que conste en acta a legalidade da petición que fixo no seu día sobre unha titulación de Enxeñería Técnica en Ourense.

-D<sup>a</sup> **RAQUEL VIZCAYA LÓPEZ.**- Roga que non se cubran prazas con bolseiros de apoio á docencia.

-D. **JOSÉ M<sup>a</sup> CORREO OTERO.**- Reitera as queixas de San Teleco e pregunta se hai posibilidade de que as empresas constructoras coñezan que a certas horas, en torno ás 9 da mañá e ás 4 da tarde, hai moito máis tráfico. Roga que a esas horas paren as obras nos puntos problemáticos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.15 día 6 de novembro de 1998, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co v<sup>o</sup> e pr. do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,